

ROUCCO

SON

Falamos de rock en galego

Número 17- maio 2022

Publicación gratuíta
Colle unha!

**MOURA
OS VACALOURAS
ARSON TIDES
GRACIAS POR NADA
WEST RIDE
EL PUTO SHOW
EINCONSCIENTES
LA CLOAKA SOUND E JCA
DIOIVO
XHAMAIN
MONDO PODRE
NIN A TIROS**



Diego, de Moura: “É necesario retomar o testemuño de artistas como NHU, Bibiano ou Emilio Cao”

Por Patty Castro

Moura, da Coruña, é unha das bandas punteiras do rock progresivo e psicodélico na escena galega actual. Consagráronse xa co seu primeiro primeiro álbum, titulado Moura, en 2020, e prometen chegar a novas cotas de altitude co seu novo traballo Axexan, Espreitan, da man da súa discográfica Spinda Records. Un dos seus grandes éxitos, sen dúbida, é ter recollido o legado dos precursores dos anos 70, como NHU, Batallán, Bibiano ou Emilio Cao, facendo unha música inzada de folk e tradición galega á vez que vangardista. E, por suposto, en galego.

A banda leva en activo dende o 2015, experimentando varios cambios de formación ata que por fin a estabilizaron hai uns anos con Diego Veiga (guitarras, harmónica e voz), Hugo Santeiro (guitarras), Fernando Vilaboi (órgano e sintetizadores), Pedro Alberte (baixo), Luis Casanova (batería), e coa última incorporación Belém Tajés (voces e pandeireta), que viña colaborando con eles dende o primeiro disco pero agora por fin é un membro mais da banda.

Tiven a sorte de poder falar con Diego Veiga, un coruñés de familia de Boimorto que ocupa o seu tempo entre a música e o seu negocio de hostelería, o Ummagumma, un pracer para os amantes da boa comida e o ambiente cultural.

Moi boas, Diego! Pois, o primeiro, dicirche moitas grazas por esta entrevista, e aínda que che vou preguntar polo último traballo, gustárame que lles contaras ás que non vos coñecen de que vai Moura.

Moi boas, Patty, un pracer estar contigo. E claro, como non. Moura é un espazo de encontro entre todos os compoñentes. Fórmase dende a psicodelia, o rock progresivo e a música experimental máis libre de ataduras, para poder facer temas extensos. Eu, aínda que viña de grupos máis anglófilos, cando nos encargaron por unha casualidade o tema de Zeca Afonso «Ronda das mafarricas», preparándoo perdín o medo do cambio de idioma e vín tódalas posibilidades. Creo que é necesario retomar o testemuño de bandas como NHU, Bibiano, Emilio Cao, artistas aos que tal vez non se lle deu o recoñecemento que merecen. E, por outra banda, como o meu negocio está ao lado da Cova Céltica e somos bos compañeiros e veciños, o entrar en contacto con ese mundiño tradi foi unha continua aprendizaxe, novas formas de sinerxia entre dous mundos, para integrar aspectos da tradición galega, o rock e a psicodelia.

Moura recolle o seu nome da tradición galega mais telúrica,



Portada de Axexan, Espreitan



moitas veces cargada de misticismo e oscurantismo. De que tratan as vosas letras neste novo traballo?

No primeiro disco introducimos como tema a mitoloxía galega. Grazas a meu pai e ó seu amor pola historia de Galicia e á miña infancia no rural, fun xuntando recordos que levaban moito tempo aparcados nos rincóns da mente. E neste segundo disco que sae o 27 de maio non só toco o tema da mitoloxía, senón tamén experiencias persoais, lembranzas e algunha que outra letra sobre rituais sociais, persoais ou funerarios que forman parte do extenso patrimonio inmaterial do pobo galego. En Axexan, Espreitan hai novas paisaxes sonoras, máis coloridas, coma o canto de liño, reivindicando o rito como elemento de conexión social; e como as cancións asociadas ás labores do campo foron o nacemento da música tradicional galega.

Onde se gravou e se forxou este último traballo? Porque,


Diego Veiga



Hugo Santeiro



Pedro Alberte



Belém Tajés



cunha pandemia polo medio, doado non tivo que ser.

Pois si, naceu durante a pandemia. Como o primeiro o lanzamos no medio do encerro, pois resultou complicado quedar para ensaiar, e tiñamos novos temas que fomos montando na distancia. Entre Hugo e máis eu fomos maquetando todo o disco, gravando na casa aportacións dos outros membros vía mail e aproveitando cando nos podiamos ver. Decidimos continuar por esa vía e gravalo nós mesmos coa axuda do noso produtor J. Gutierrez na casa onde ensaiamos habitualmente, na parroquia de Bergondo, en Moruxo.

Foi gravado durante o verán de 2021 e, aínda que levamos moi claro as guías nesas maquetas, deixamos espazo ás aportacións que saen no momento da gravación, pois o estar libres de estar nun estudio tivemos a posibilidade de relaxarnos e poder crear máis tranquilamente. Colaboran a Irmandade Ártabra, cos que contamos cada vez que gravamos, tamén xente do tradi como Miguel Vázquez, Xosé Lois Romero, que gravou a percusión dun tema, e Xoan Xil e Mauro Sanin no «Alalá do abellón».

O primeiro sinxelo que lanzastes foi «O baile do dentón», cun videoclip gravado na librería A Tobeira de oza, que foi todo un éxito no seu lanzamento. Cántanos como foi a gravación e cal é a temática do vídeo.

O primeiro é dicir que Axexan, Espreitan fai referencia a película Trinta Lumes, de Diana Toucedo. Levaba como 2 ou 3 anos para facer esta canción sobre o cornecho (ou dentón), os seus usos para a medicina e como acabou exportándose ata Estados Unidos e sientizándose o LSD a partires do cornecho. Un tema fascinante ó que se lle deu voz hai pouco, unhas rapazas co documental Negro Púrpura, unha marabilla que tivo unha feliz coincidencia coa saída do noso tema.

O vídeo deste tema, dirixido polo talentoso Pablo Goluboff,

fíxose en colaboración coa asociación cultural O Amanexo, de Dexo, Oleiros; bailadores que se prestaron para as nosas tolemias, como poñerse espellos na cara, bailar cos pans na cabeza... Un esforzo conxunto coa xente da música tradicional que sempre nos atrae e nos motiva a seguir facendo cousas diferentes.

Pois moitas grazas, Diego, polas túas verbas e pola vosa música, con musicazos que vides xa doutras formacións e para ledicia de todas xuntastes forzas para sacar este disco que fai as delicias de calquera oínte con bo gusto. Creatividade, forza, tradición, ritos, e festa, moita festa galega!

A ti, Patty, un pracer e saúdos para todos. Vémonos nos concertos!



Luís Casanova



Fernando Vilaboi

Sete bandas únense en concerto para reivindicar a música de Vigo e condicións dignas en Vigosónico

O club Molotov acollerá o vindeiro venres 3 de xuño un concerto organizado pola plataforma Grupos de Vigo en Loita, onde se reclamará a mellora das salas de ensaio de Vigosónico logo do recorte en horas dispoñibles e condicións dende a súa reapertura a principios deste mes. Tamén servirá para reivindicar a presenza de bandas viguesas na programación de verán do Concello, que, para o colectivo organizador “brilla pola súa ausencia, especialmente cando esta podería servir de altafalante da cultura da cidade xuntando aos artistas da cidade cos grandes nomes internacionais”. Así, este concerto inclúe a sete bandas da escena punteiras en diferentes estilos, dende o rap de La Cloaka Sound e JCA, pasando polo punk dos Vacalouras, o metalcore de Arson Tides, a mestura de rap e rock do Puto Show, o pop punk de Gracias por Nada, o rock duro de West Ride ou o rock de Einconscientes. Unha chea de bandas viguesas para contrarrestar a falta destas na programación municipal.

A convocatoria deste concerto chega logo dunhas declaracións do Alcalde de Vigo, Abel Caballero, nunha rolda de prensa na que afirmaba, ante as denuncias das deficiencias de Vigosónico por parte dos usuarios agrupados na plataforma Grupos de Vigo en Loita, que “después de ver algunas de las cosas que decían hace unos días, me

temo que no responden a la realidad”. Dende a plataforma desafían a Caballero “a dicir que non responde á realidade, xa que o recorte de horarios e instalacións, as maiores restricións de uso e a cantidade de material defectuoso, do que se está tomando lista por parte do persoal, é facilmente contrastable”. O colectivo considera que o intento de “desacreditar e de tachar de mentirosos aos músicos e usuarios de Vigosónico” agrupados na plataforma “so vén a confirmar o nulo interese do Concello na música da cidade e en axudar á mesma, logo de terse visto obrigado a reanudar o servizo só a raíz das protestas e accións constantes de Grupos de Vigo en Loita”. “En vez de reunirse connosco e recoller as nosas demandas, so intenta reiteradamente infravalorarnos e atacarnos”, afirman.

Nesa mesma rolda de prensa do día 11 de maio, Caballero afirmou tamén que lle “gustaría que los grupos que protestan digan también que Vigosónico es gratuito, es el único sitio donde esto sucede”, a pesar de que en Galicia hai decenas de salas de ensaio públicas e gratuítas en diferentes Concellos. Tamén afirmou que “disponen de un espacio de grabación y ‘maquetación’ (sic.) totalmente gratuito”, a pesar de que, como explica a plataforma, “en Vigosónico non se gravan discos e maquetas de grupos a non ser que sexa polo premio dal-



gún concurso ou para os recopilatorios de Vigosónico, o último dos cales fíxose en 2017". Polo tanto, "nunca foi de libre disposición gratuita para os grupos", sinalan, afirmando que se amosa unha vez máis "o total descoñecemento por parte do alcalde do que se fai en Vigosónico e das bandas que ensaian nel". Ademais, actualmente, o estudio de gravación non pode operar, xa que só hai un traballador encargado de xestionar as salas e recibir aos grupos e ningún que poida mentres tanto facer as labores do estudio. "É moi desafortunado que o alcalde pretenda aínda por riba que lle deamos as grazas por un servizo público básico para a cultura da cidade que acaba de recortar salvaxeiramente logo de máis de dous anos pechado", denuncian.

O concerto organizado por Grupos de Vigo en Loita, no que se visibilizarán todas estas cuestións, comezará ás 20:30, e a entrada será totalmente de balde.



Os Vacalouras



El Puto Show

GRUPOS DE VIGO EN LOITA

EN DIRECTO

COAS ACTUACIÓNS DE:

OS VACALOURAS

WEST RIDE

ARSON TIDES

EINCONSCIENTES

GRACIAS POR NADA

EL PUTO SHOW

LA CLOAKA SOUND & JCA

**POR UNHA APERTURA
EN CONDICIÓN**

As condicións da reapertura de Vigosónico

O pasado 19 de abril, Caballero, anunciaba a reapertura das salas de ensaio de Vigosónico para o 3 de maio, logo de tela anunciado previamente para o 25 de febreiro. Xa unha semana despois, os usuarios das mesmas comezaron a denunciar “as lamentables condicións desta reapertura”, así como “o incumprimento de todas e cada unha das promesas que o goberno municipal, por medio da concelleira de Xuventude María Carmen Lago Barreiro, fixo aos usuarios e usuarias”.

Por unha banda, os recortes de horas foron incluso maiores ca os prometidos. “Protestamos no seu momento contra a supresión dos vernes coa excusa do curso de Paideia a pesar de que no propio convenio coa fundación se indica que este non suporía perda de horas de ensaio”, pero agora engaden que “se reducen as quendas até o punto de eliminar case a metade de horas semanais”. As salas de ensaio pasaron de estar dispoñibles 36 horas ás 20 actuais. Este recorte, que fai que moitas bandas se vexan obrigadas a aceptar horarios que lles resultan pouco vantaxosos, únese ao requisito de non faltar máis de 3 veces ao ensaio para non perder automaticamente o dereito á sala, aumentando así aínda máis as trabas ás bandas.

Por outra banda, o estado de material é, en palabras do colectivo de músicos, “pésimo”. “Comprobamos de primeira man como o material seguiu

sen renovarse dende a apertura de Vigosónico en 2011, e os amplificadores que non funcionan, os parches e pratos de batería rotos, foron unha constante en varias salas esta semana”, afirman, a pesar de que a concelleira de Xuventude se comprometera a renovar o material defectuoso na súa reunión coa plataforma. Tamén denuncian o “recorte dramático de personal”, e tamén a esixencia de “renovar a nosa inscrición cada 3 meses”. Para a plataforma, “isto na práctica imposibilita calquera tipo de planificación a longo prazo da actividade das bandas, ante a incerteza de perder a nosa sala de ensaio”.

Dende o colectivo tamén denuncian que, no seu momento, o goberno municipal alegou que o trato dado as bandas, impedíndolles recoller o seu material durante 8 meses, e o peche de Vigosónico durante os máis de dous anos da pandemia debíase á situación sanitaria e, en particular, ás esixencias do protocolo Covid e ás restriccións. Porén, “unha lectura do Convenio de colaboración do Concello coa Fundación Paideia demostra una realidade contraria”, xa que “os informes técnicos amosan unha avaliación positiva dos sistemas mecánicos de ventilación e que cumpren cos requisitos do propio protocolo do Concello, datado en decembro de 2021”. “Nin tan se quera se materializou o compromiso do goberno de manter unha interlo-cución aberta e constante coas bandas”, lembra tamén a plataforma.



La Cloaka Sound e JCA



DIOIVO PON MÚSICA A DELGADO GURRIARÁN POLO DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Xa foi o Día das Letras Galegas, e con tal motivo, a banda viguesa de metal Dioivo publicou unha nova canción titulada “Hai Sede na Nova Galicia”, na que poñen música ao poema homónimo do homenaxeado Florencio Delgado Gurriarán. Este poema describe a saudade que o escritor valdeorrés sentía pola súa terra mentres estaba exiliado en México logo da Guerra Civil, e pertence a unha das súas principais obras, Galicia Infinita, editada por Galaxia en 1963.

Para completar a homenaxe, o grupo acompañou a canción dun videoclip realizado por YOD Multimedia que xa pode verse na súa canle de Youtube.


Esta non é a primeira vez que Dioivo emprega a literatura galega na súa música, xa que o ano pasado conmemorou o 50 aniversario da mítica novela Retorno a Tagen Ata cunha adaptación musical da mesma na que contaron con narracións do propio autor, Xosé Luís Méndez Ferrín. De feito, o grupo naceu poñendo música

a Rosalía de Castro e ao seu poema “Sempre pola Morte Esperas”, para participar nun concurso organizado polo Concello de Vigo en febreiro de 2016. Nesta ocasión optaron por homenaxear ao autor elixido para o Día das Letras deste ano, que destacou polo seu fondo compromiso antifascista e co pobo galego.

O dúo vigués gravou este tema, novamente, no estudio de DS Audio con Dany Soengas, coñecido músico de bandas viguesas como Atrei-

des, Skydancer ou Lardelúa. Agora están presentándoo en directo, para o que xa teñen varios concertos programados. O seguinte deles será no Pub Transylvania de Vigo xunto á coñecida banda coruñesa Bloodhunter, liderada pola vocalista Diva Satánica, o día 10 de xuño. A canción, polo momento só dispoñible en Youtube, estará axiña tamén no resto de plataformas dixitais, e supón un adianto do novo disco dos vigueses, que xa teñen un álbum e dous EP publicados.

Fotograma do novo videoclip



SABORA

cafés tostados no día

www.cafesabora.com



XHAMAIN PRESENTARÁ NOVO DISCO AO VIVO NA SALA MASTER DE VIGO

Xhamain presentará por fin en directo, na viguesa Sala Master, o seu novo disco Na Alma, o vindeiro venres 24 de xuño. Será, polo tanto, un día despois da noite de San Xoán, na que, ademais da do Samaín, se basea o nome da banda. Esta ocasión tan sinalada será a primeira vez na que poderemos ver en acción á nova formación, tras varios cambios de compoñentes na banda, que está destiñada a ser un dos referentes do metal cantado en galego nos próximos anos.

Nesta actuación, o sexteto galego interpretará o disco na súa totalidade e adiantará varios temas que conformarán Na Mente, a segunda parte da triloxía No Ser, que xa está escrita na súa totalidade, e comezará a súa preproducción nos próximos meses. Na Alma, pola súa banda, foi masterizado por Tony Lindgren nos Fascination Street Studios de Suecia, e está a recibir críticas moi positivas por parte do público e da prensa especializada, tanto na súa parte musical como na súa parte visual, obra do artista búlgaro Georgi Georgiev.

Para unha cita tan agardada, contarán cuns convidados especiais para quentar a noite: Losto Kinsky, unha banda que interpreta himnos do rock con letras traducidas ao galego e que farán as delicias do público asistente. As entradas están á venda anticipada en Vigo en dZetta Music Center e Honky Tonk. Tamén se poden mercar en liña a través de Woutick. O prezo é de 8 euros.



NOVO DISCO DE MONDO PODRE NECRONOMA DE SUBEXISTENCIA

Xa saíu en formato CD e dixital da man de Colectivo Bilis. O vinilo chegará o 3 de xuño editado por varios selos tanto alemáns coma galegos. O álbum, que consta de 14 temas en apenas 20 minutos, fai gala da máis puro grind, a velocidades imposibles e cunha agresividade sen tregua reflectida tamén nas súas letras



A banda galega de grindcore Mondo Podre vén de lanzar o seu primeiro traballo completo de estudio, *Necronomía de Subexistencia*. O álbum, que consta de 14 temas en apenas 20 minutos, fai gala da máis puro grind, a velocidades imposibles e cunha agresividade sen tregua reflectida tamén nas súas letras.

Xa saíu en formato CD e dixital da man de Colectivo Bilis, mentres que o vinilo chegará o día 3 de xuño editado polos selos xermanos minoR_obsCuR, Finte Platten, AKAIP e os galegos Colectivo Bilis e I Don't Give a Fuck. Ademais, a banda conta coa promotora Blood Fire Death.

As letras dos temas do disco repártense entre o galego e o castelán, e a portada do mesmo

estivo a cargo de Ars Erinyos. Foi gravado e masterizado en Estudios Cumbre por Miguel Villar e Miguel Souto. Este traballo chega despois dun EP homónimo editado en 2019 e un disco en directo no xa desaparecido Pub Frenopático compartido coa banda brasileira Surra, titulado *Alive and Undead in Vigo*.

Mondo Podre naceu en 2016 en Vigo, e logo de varios cambios de formación foi incorporando membros de Ourense e da Coruña. Co lanzamento deste disco, conforman a banda o vocalista Dani (tamén de La Hija del Carroñero), o baixista Espasa, o batería Damián, e os guitarristas Gon (membro de Cruzeiro e Akouphenom) e Miguel (tamén membro de Akouphenom).




Nin a Tiros saca o seu segundo EP, Na Hora do Lobo

Na Hora do Lobo é o título do novo disco de Nin a Tiros, banda compostelá de groove metal e hardcore formada a partir de membros de agrupacións como Labazada, Reino Animal ou The Weak Force. Este sexteto xa ten publicados un EP homónimo de 2018 e un compartido coa banda punk Lenincat, ao que hai que sumar tamén a auto-produción do videoclip "Poema de Pedra"; porén é con este novo disco co que agardan comezar finalmente a súa andaina en directo, a súa principal "asignatura pendente" en palabras do seu guitarrista Miguel Cutrín.

O EP foi gravado mesturado e producido por Suso Pereiro, o que "é sen dúbida o sétimo membro da banda", no ReCuncho Estu-

dio de Gravación de Compostela, mantendo en todo caso a esencia "Faino Ti Mesmo" e underground da banda. Contaron ademais coas colaboracións nas voces de Víctor Bronkas e Laura Iglesias, ademais de co deseño de Noel Vázquez e a fotografía de Leti Ocaña.

Ademais de todo isto, a banda ten unha "sección editorial" dirixida polo propio Cutrín, que auto-edita o fanzine artístico NaTiv@s, "onde, anualmente, damos cabida a 6 persoas que queiran mostrar a súa faceta creativa. Narrativa, poesía, fotografía, escultura, artes plásticas, artesanía...", explica. Imprímese na Cooperativa Gráfica Sa-cauntos. Podedes atopar ao grupo en Facebook, Bandcamp, YouTube e Spotify.



ROUCCO SON

falamos de rock en galego



**Anúnciate
aquí**

981 463130

ROUCO SON

**Libre Expresión de Medios
de Galicia, LIEXGAmedia**

**Proximidade. Honestidade.
Solvencia. Pluralismo.**

Falamos de rock en galego. Edita: Libre Expresión de Medios de Galicia. Romero Donallo 26 15706 Santiago. Imprime: Tameiga. Peche de edición: 25-05-2022 nº17. Depósito legal: C 1279-2021. Director: Javier Carnota. Teléfono: 620 967 549. Coordinador de contidos: Jacobo Mouriño Almeida.



Trátase dun blend que combina os mellores grans de cafés de Colombia, de Uganda e de Guatemala. Blend de arábicas que dá lugar a un café equilibrado, cun tostado medio que ofrece a quen o consome unha acidez moderada. Que buscamos con esta mestura do café Gran Orixe?

Ofrecerche a ti, profesional da hostalería, que tes un restaurante, unha cafetería, un bar ou calquera outro establecemento, un café que se manteña fresco e en perfecto estado para servir ao teu cliente o mellor café en calquera momento do día.

Conseguímolos cun envasado pensado para que todas as calidades do café permanezan intactas durante máis tempo nun recipiente metálico que o protexe da luz e a humidade.

Esta conservación das características do café Gran Orixe conseguímolas mediante un coidado tostado diario, e inmediato envasado do café nunha tova de aluminio, que preserva as características perfectas de café para o seu consumo durante moito máis tempo que envasados máis tradicionais.

SABORA

cafés tostados no día

www.cafesabora.com